

ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE IGUALDADE, POLÍTICAS SOCIAIS, FAMILIA E RETO DEMOGRÁFICO CELEBRADA O DIA 8 DE SETEMBRO DE 2023

PRESIDENTA:

Dona María Sandra Bastos Míguez

VOGAIS:

**Dona María Nava Castro Domínguez
Dona Marta Fernández-Tapias Núñez
Don Rafael Domínguez Artime
Don Jorge Cubela López
Don José Carlos López Campos
Dona María Pilar Ramallo Vázquez
Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
Don Jesús Vázquez Almuiña
Don Carlos López Font
Don Carlos Gómez Prado
Dona Ana Laura Iglesias González
Dona Digna Rosa Rivas Gómez
Dona Nuria Rodríguez Rodríguez
Don Javier Iglesias Mougán
Dona María Manuela Rodríguez Pumar
Dona María Ortega Iñarrea**

En Pontevedra, sendo as dez horas e quince minutos do día 8 de setembro de 2023, reúnense na Sala de Xuntas da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona María Sandra Bastos Míguez, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico

Actúa como Secretaria, Dona Ana Isabel Amoedo Garrido, adxunta xefatura do Servizo de Igualdade.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1. CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA DE IGUALDADE, POLÍTICAS SOCIAIS, FAMILIA E RETO DEMOGRÁFICO.

Dáse conta que o Pleno da Deputación de Pontevedra na sesión extraordinaria urxente que tivo lugar o día 4 de agosto de 2023, adoptou entre outros o acordo de creación das comisións informativas atendendo ás grandes áreas en que se estruturan os servizos provinciais. Entre as comisións informativas creadas figura a de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico integrada por 17 Deputadas e Deputados, representando a todos os Grupos Políticos na seguinte proporción: 9 membros do Grupo Provincial do Partido Popular; 6 membros do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE e 2 membros do Grupo Provincial do BNG.

De conformidade coa Resolución Presidencial número 2023006627 de data 29 de agosto de 2023 a composición concreta da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico é a seguinte;



1. Dona María Sandra Bastos Míguez
2. Dona María Nava Castro Domínguez
3. Dona Marta Fernández-Tapias Núñez
4. Don Rafael Domínguez Artime
5. Don Jorge Cubela López
6. Don José Carlos López Campos
7. Dona María Pilar Ramallo Vázquez
8. Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
9. Don Jesús Vázquez Almuiña
10. Don Carlos López Font
11. Don Carlos Gómez Prado
12. Dona Ana Laura Iglesias González
13. Dona Digna Rosa Rivas Gómez
14. Dona Nuria Rodríguez Rodríguez
15. Don Javier Iglesias Mougán
16. Dona María Manuela Rodríguez Pumar
17. Dona María Ortega Iñarrea

Así mesmo, por Resolución Presidencial número 2023006628 de data 29 de agosto de 2023, o Presidente da Deputación de Pontevedra acordou nomear Presidenta efectiva da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico, a Dona María Sandra Bastos Míguez, e como suplente a Dona María Nava Castro Domínguez.

Estando presentes a maioría das deputadas e deputados que compoñen esta Comisión Informativa, pola Presidenta efectiva, Dona María Sandra Bastos Míguez declárase constituída a Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico.

2. DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2023 (Expediente 2023001191)

A Secretaria da Comisión elabora un informe con data 5 de setembro de 2023, para dar conta ás persoas asistentes á comisión informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da concesión de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2023, cuxo contido literal é o seguinte:

“A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na sesión ordinaria do día 3 de febreiro de 2023, aprobou as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a



prevención da violencia de xénero para o ano 2023. Dita convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 29 de data 10 de febreiro de 2023. Os concellos interesados nestas subvencións dispuxeron de un prazo para presentación de solicitudes ata o día 10 de marzo de 2023.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e feitos os requirimentos de documentación e as valoracións das solicitudes, a xefa do Servizo de Igualdade emite Informe-proposta, que se remite a Intervención, na que especifica que as solicitudes de 49 concellos compren os requisitos establecidos nas bases da presente convocatoria.

Na Xunta de Goberno do 11 de agosto de 2023, adoptase o acordo de concesión das subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2023, a favor dos 49 concellos, por importe global de 260.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 23/250.2315.462.01, do vixente orzamento provincial.

Os concellos aos que se lle **concede** subvención son os seguintes:

	Cód. expediente	NIF/CIF	Terceiro extendido	Obxecto subvención	Importe asignado
1	2023012306	P3600900I	CONCELLO DE A CAÑIZA	PROXECTO VIOLETAS 23	5.586,09 €
2	2023017257	P3602300J	CONCELLO DE A GUARDA	PROXECTO IGUALANDO 2023	5.700,00 €
3	2023018312	P8600004I	CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA	FOMENTO IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E PREVENCIÓN DA VDX ANO 2023 - PLAN IGUALDADE	4.927,77 €
4	2023016186	P3602500E	CONCELLO DE A LAMA	PROGRAMA ACTIVIDADES FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA 2023	4.680,00 €
5	2023016689	P3602000F	CONCELLO DE AGOLADA	DESENVOLVEMENTO E VISIBILIZACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS NO I PLAN DE IGUALDADE - 3ª EDICIÓN	3.721,00 €
6	2023017082	P3600100F	CONCELLO DE ARBO	II CARREIRA POLA IGUALDADE	5.206,70 €
7	2023016150	P3603400G	CONCELLO DE AS NEVES	REALIZACIÓN DO III PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES	4.741,82 €
8	2023016191	P3600300B	CONCELLO DE BAIONA	FORMANDO POR E PARA A IGUALDADE	5.990,00 €
9	2023017084	P3600200D	CONCELLO DE BARRO	ESPAZOS DE LECER 2023 - CONCILIA	4.648,84 €
10	2023018320	P3600500G	CONCELLO DE CALDAS DE REIS	PROXECTO "CALDAS: +IGUALDADE - VIOLENCIA 2023"	6.000,00 €
11	2023016194	P3600600E	CONCELLO DE CAMBADOS	PROGRAMA DE FOMENTO DA IGUALDADE E CONTRA A VDX 2023	5.857,54 €
12	2023016686	P3600700C	CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO	CONCILIA+ CAMPO LAMEIRO 2023 "HÉROES E HEROÍNAS PARA A CIENCIA"	4.462,89 €



13	2023018315	P3601000G	CONCELLO DE CATOIRA	PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN DA VDX NO CONCELLO DE CATOIRA	4.927,77 €
14	2023017078	P3600048G	CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADÉ	II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES	4.276,94 €
15	2023018328	P3601300A	CONCELLO DE COVELO	DESENVOLVEMENTO E VISIBILIZACIÓN DE MEDIDAS PROPOSTAS POLO III PLAN MUNICIPAL DE COVELO	5.299,68 €
16	2023018331	P3601400I	CONCELLO DE CRECENTE	EDUCANDO AS EMOCIÓN	4.000,00 €
17	2023017086	P3601500F	CONCELLO DE CUNTIS	CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN	5.950,52 €
18	2023018330	P3601600D	CONCELLO DE DOZÓN	PLAN DE IGUALDADE PARA O CONCELLO DE DOZÓN	4.235,00 €
19	2023018329	P3601800J	CONCELLO DE FORCAREI	PROXECTO DE MELLORA DAS HABILIDADES DIXITAIS DAS MULLERES DE FORCAREI	4.462,89 €
20	2023016153	P3602100D	CONCELLO DE GONDOMAR	ELABORACIÓN E DIFUSIÓN DO 5º PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DE MULLERES E HO	6.000,00 €
21	2023017087	P3602700A	CONCELLO DE MEAÑO	EDUCANDO PARA A IGUALDADE	2.940,00 €
22	2023017083	P3602800I	CONCELLO DE MEIS	LUDOTECA DE VERÁN "LUDOMEIS 2023"	6.000,00 €
23	2023016167	P3602900G	CONCELLO DE MOAÑA	EDUCAR EN IGUALDADE 2023: ESCOLA DE FAMILIAS E SENTIR E PENSAR	6.000,00 €
24	2023017311	P3603000E	CONCELLO DE MONDARIZ	SEMENTANDO IGUALDADE 2023	5.950,52 €
25	2023018310	P3603100C	CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO	PROXECTO DE AVALIACIÓN DO I PLAN DE IGUALDADE E ELBAORACIÓN DO II PLAN DE IGUALDADE	5.857,54 €
26	2023016684	P3603200A	CONCELLO DE MORAÑA	PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN SOCIAL: REPORTAXES PARA A IGUALDADE EN MORAÑA	5.354,00 €
27	2023016680	P3603300I	CONCELLO DE MOS	TEATRO EN IGUALDADE	6.000,00 €
28	2023016688	P3603500D	CONCELLO DE NIGRAN	OBRADOIROS DE EDUCACIÓN AUDIOVISUAL PARA A PREVENCIÓN DA VDX	6.000,00 €
29	2023016681	P3602200B	CONCELLO DE O GROVE	MULLERES EN ACCIÓN: ITINERARIO FORMATIVO PARA O APODERAMENTO LABORAL DIRIXIDO A MULLERES	6.000,00 €
30	2023016290	P3604800G	CONCELLO DE O ROSAL	MULLERES QUE INSPIRAN	5.846,00 €
31	2023018327	P3603600B	CONCELLO DE OIA	DESCUBRINDO A OIA DAS MULLERES CON CRISTINA DE PIZÁN	1.292,00 €
32	2023016687	P3603700J	CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN	PROXECTO EDUCANDO EMOCIÓN	5.960,00 €
33	2023016139	P3604100B	CONCELLO DE POIO	EDICIÓN LIBRO, MULLERES DE POIO 2023	6.000,00 €
34	2023016138	P3604300H	CONCELLO DE PONTE-CALDELAS	PROGRAMA CAPACITADAS, 4ª EDICIÓN	6.000,00 €



35	2023016287	P3604400F	CONCELLO DE PONTECESURES	ACTIVIDADES DE FOMENTO DA IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VDX 2023	5.392,66 €
36	2023016683	P3604000D	CONCELLO DE PORTAS	CAMIÑANDO XUNT@S	5.206,70 €
37	2023018326	P3604600A	CONCELLO DE RIBADUMIA	SERVIZO DE CONCILIACIÓN ESCOLA DE OCIO VERÁN 2023 CONCELLO DE RIBADUMIA	6.000,00 €
38	2023018313	P3604700I	CONCELLO DE RODEIRO	EQUAL-CAMBA 2023	5.950,53 €
39	2023017088	P3604900E	CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS	PROGRAMA OLIMPIA	5.113,73 €
40	2023018322	P3605000C	CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO	CAMPAMENTO DE CONCILIACIÓN DE VERÁN	3.812,05 €
41	2023016158	P3605100A	CONCELLO DE SANXENXO	PROXECTO RELACIÓNS AFECTIVO SEXUAIS SAUDABLES PARA A PREVENCIÓN DAS VIOLENCIAS MACHISTAS	6.000,00 €
42	2023017085	P3605200I	CONCELLO DE SILLEDA	PROGRAMA MÁIS VIOLETA	6.000,00 €
43	2023013247	P3605300G	CONCELLO DE SOUTOMAIOR	PROXECTO ENREDADAS	6.000,00 €
44	2023018323	P3605400E	CONCELLO DE TOMIÑO	PROGRAMA ACCIÓN CULTURAL E EDUCATIVA PARA SENSIB. EN IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VDX	6.000,00 €
45	2023017321	P3605500B	CONCELLO DE TUI	ELABORACIÓN E IMPLANTACIÓN DO I PLAN DE IGUALDADE NA EMPRESA E AUDITORÍA RETRIBUTIVA	5.857,54 €
46	2023016289	P3605600J	CONCELLO DE VALGA	V PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DO CONCELLO DE VALGA	5.485,64 €
47	2023017089	P3605800F	CONCELLO DE VILABOIA	MAIORES POLA IGUALDADE	5.485,64 €
48	2023016163	P3606100J	CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA	PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN EN IGUALDADE E CONTRA A VDX EN VILANOVA DE AROUSA	5.850,00 €
49	2023016690	P3605900D	CONCELLO VILA DE CRUCES	EDUCANDO EN IGUALDADE	5.970,00 €

3. DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2023 (Expediente 2023001196)

A Secretaria da Comisión elabora un informe con data 5 de setembro de 2023, para dar conta ás persoas asistentes á comisión informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da concesión de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2023, cuxo contido literal é o seguinte:



"A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na sesión ordinaria do día 3 de febreiro de 2023, aprobou as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2023. Dita convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número número 29, de 10 de febreiro de 2023, e as entidades interesadas nestas subvencións dispuxeron de un prazo para presentación de solicitudes ata o día 10 de marzo de 2023.

Á convocatoria presentáronse un total de 33 entidades, das cales rematado o prazo de presentación de solicitudes e feitos os requirimentos de documentación e as valoracións das solicitudes, por parte do Servizo de Igualdade, emítese informe favorable por parte deste servizo e de Intervención sobre a tramitación do expediente de concesión de **29 solicitudes** admitidas á convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro no ano 2023.

Na Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria do 11 de agosto de 2023, adoptase o acordo de concesión das subvención a 29 entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2023, por importe global de 150.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 23/250.2315.480.01, do vixente orzamento provincial.

As entidades ás que se lle **concede** subvención son as seguintes:

	Concello	Cód. expediente	NIF/CIF	Terceiro extendido	Obxecto subvención	Importe asignado
1	Cangas	2023016288	G36100071	Asociación de Pais e Nais de Persoas con Discapacidade Psíquica - ASPAMSIM	A igualdade e o feminismo a través da lectura	4.500,00 €
2	Cangas	2023026115	G94017704	Asociación O Son do Pobo	Apoio, asesoramento, formación e integración laboral de mulleres en risco de exclusión social	3.789,15 €
3	Cangas	2023018296	G36380301	Asociación Diagnosticados de Cancro de Mama	Prevención e loita contra o linfedema 2023	6.000,00 €
4	Cangas	2023026118	G36204931	Asociación de Caridade Santiago Apóstol	Saboreando a igualdade	3.879,37 €
5	Crecente	2023017079	R3600113I	Colegio Ntra Sra. de Fátima en Crecente Esclavas de la Virgen Dolorosa	Mulleres tiñamos que ser	5.000,00 €
6	Estrada, A	2023018302	G27023951	Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas	A fala da terra. labregas	6.000,00 €
7	Lalín	2023018304	G70370119	Asociación Puntodelas-Secretaría Das Mulleres	Labregas enredadas	5.683,72 €
8	Marín	2023013159	G94088549	Asociación pola Igualdade e a Coeducación	Programa APICO 2023 - Plan de loita, información e apoio integral para as vítimas de violencia de xénero	4.800,00 €
9	Mos	2023018324	R3600131A	Casa Santa María de la Esperanza Esclavas Virgen Dolorosa	Mulleres que brillan	4.500,00 €



10	Mos	2023016682	G32115941	Confederación Galega de Persoas con Discapacidade	Activando o rural - O empoderamento das mulleres con discapacidade	5.999,31 €
11	Ponteareas	2023026055	G36341113	Asociación de Maiores de Ponteareas	Mulleres en acción	3.517,50 €
12	Pontevedra	2023012135	G28197564	Asociación Española contra el Cáncer	Proxecto Moito por gañar	5.864,15 €
13	Pontevedra	2023017080	R1500053B	Cáritas Diocesana De Santiago	Axudas a mulleres soas en exclusión social e con cargas familiares	5.413,07 €
14	Pontevedra	2023018298	G36164887	Down Pontevedra Xuntos Asociación Síndrome de Down	A igualdade das mulleres desde o plano sexual e afectivo. emociónate	6.000,00 €
15	Pontevedra	2023026051	G36020691	Asociación Provincial Amas de Casa y Consumidores Rias Baixas	Escola de empoderamento da muller	4.240,24 €
16	Silleda	2023016140	G36527745	Asociación para o Desenvolvemento Social da Comarca do Deza	Sementando igualdade	6.000,00 €
17	Vigo	2023018288	G24452435	Fundación Juan Soñador	Itinerarios e espazo de encontro entre mulleres	6.000,00 €
18	Vigo	2023016147	G27727593	Asociación Acción Solidaria Galicia (ASDEGAL)	Mulleres con moito que dicir 2023	4.000,00 €
19	Vigo	2023016178	G36697324	Down Vigo - Asociación para el Síndrome de Down	Muller educación para a saúde	6.000,00 €
20	Vigo	2023016679	G36797579	Fundación Cume para el Desarrollo de Culturas y Pueblos	CUME- Atención integral a mulleres vítimas de violencia de xénero	6.000,00 €
21	Vigo	2023016136	G36861078	Fundación Érguete-Integración	Proxecto DANA	3.331,00 €
22	Vigo	2023018318	G36624120	Asociación APAMP	Ao teu carón	6.000,00 €
23	Vigo	2023018321	G36776920	Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer y otras Demencias de Galicia	O teu carón - Acompañamento interdisciplinario a mulleres cuidadoras	5.851,89 €
24	Vigo	2023026036	G27712306	Asociación de Mulleres en Igualdade de Vigo	Máis ciencia en feminino	5.950,00 €
25	Vigo	2023026039	G70223417	Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia	Mochilas lilas: programa para a prevención da violencia de xénero	5.465,60 €
26	Vigo	2023026045	G15068091	Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia	Abrindo portas ás mulleres xordas de Pontevedra 2023	4.750,00 €
27	Vigo	2023026046	G27753367	Fundación Formavigo	Rompendo barreiras: a igualdade de trato e oportunidades no sector industrial	3.465,00 €
28	Vigo	2023026043	G81454969	Fundación Amigó	Acompañando	6.000,00 €
29	Vilagarcía de Arousa	2023026048	G15859911	Fundación Amigos de Galicia	Programa de recursos integrais para mulleres de especial vulnerabilidade	6.000,00 €

As **solicitudes desestimadas** por non cumprir os requisitos recollidos nas bases reguladoras da convocatoria son as seguintes:



- *Asociación Woman Defense Solidaria (CIF:G10547644)*
- *Asociación a favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (ASPANAEX) (CIF:G36605905)*
- *Asociación TRANS MIÑO(CIF: G94196516)*
- *Asoc. para el Desarrollo Educativo y Cultural (CIF: G94153053)”*

4. MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA SOLIDARIZARSE CON JENNIFER HERMOSO E REPROBAR A ACTUACIÓN DE RAFAEL LOUZÁN E ESIXIR DA XUNTA DE GALICIA QUE IMPULSE A SÚA DESTITUCIÓN COMO PRESIDENTE DA FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL.

O Grupo Provincial do PSdeG-PSOE presentou o día 5 de setembro de 2023, co número de rexistro 2023017930, unha moción asinada polo voceiro do grupo, D. Carlos López Font, para solidarizarse con Jennifer Hermoso e reprobar a actuación de Rafael Louzán e, esixir da Xunta de Galicia que impulse a súa destitución como Presidente da Federación Galega de Fútbol, co seguinte teor literal:

“... O Grupo Socialista na Deputación de Pontevedra, ao amparo da lexislación vixente, presenta a seguinte moción para o seu debate e votación en Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os lamentables acontecementos producidos trala vitoria da Selección Española de Fútbol no Mundial feminino teñen producido unha profunda onda de indignación social en toda España. Ninguén, cun mínimo de compromiso coa igualdade pode tolerar o indigno comportamento do presidente da Federación Española de Fútbol, Luís Rubiales, bicando á forza a unha xogadora nin o seu groseiro comportamento.

Esta Corporación solidarízase expresamente coa xogadora Jennifer Hermoso, con todas as integrantes da Selección feminina e, por extensión, con todas as mulleres, deportistas ou doutros ámbitos sociais, que sofren calquera forma de acoso sexual por parte dos seus superiores xerárquicos.

Esta Corporación repudia o comportamento do señor Rubiales durante a cerimonia de entrega da Copa do Mundo e tamén durante as xornadas posteriores, nas que mesmo culpabilizou á vítima como noxenta estratexia de defensa. Unha actitude intolerable que, ademais, chegou acompañada de ataques ao feminismo e, por tanto, de tics machistas impropios de quen ostenta un cargo con visibilidade nacional e internacional.

Neste tempo o señor Rubiales recibiu o apoio directo dalgúns dirixentes políticos e/ou deportivos, entre eles o do presidente da Federación Galega de Fútbol, Rafael Louzán, quen se atreveu a restar importancia a aquilo que escandalizou á inmensa parte da sociedade española. O señor Louzán chegou a minimizar o bico forzado á xogadora como "erros que se cometen na vida" e, ademais, deu por válidas as explicacións do señor Rubiales, a pesar de que provocaron aínda máis indignación social. O mesmo señor Louzán que hai uns días aplaudía ao señor Rubiales na asemblea e se aferraba ao cargo mentres outros responsables federativos territoriais dimitían nun exercicio de dignidade, pretende agora presentarse como "un dos impulsores" da renovación á fronte da Federación Española. Así se pode ver na propia páxina web da Federación Galega de Fútbol. Non cabe maior desvergoña nin hipocrisía.



O Partido Socialista xa reclamou nesta provincia a dimisión do señor Louzán despois de que fóra condenado por prevaricación a causa das irregularidades na adxudicación dunhas obras nun campo de fútbol nesta provincia durante a súa etapa como presidente da Deputación de Pontevedra. Condena que inclúe a súa inhabilitación para cargo público. Xa daquela reclamamos á Xunta de Galicia á súa destitución inmediata, recibindo a calada por resposta. O PP limitouse a dicir que o señor Louzán pediu a baixa voluntaria como militante, pero obviou que o mantivo como asalariado do Partido Popular entre 2015 e 2019 cunhas achegas de 40.000 euros anuais a cargo do grupo provincial do PP.

O clamor para que o señor Louzán marche xa do órgano federativo do fútbol galego percorre as rúas de Galicia, como se viu nas recentes concentracións convocadas pola Marcha Mundial das Mulleres.

O Goberno de España está dando pasos decididos para forzar a saída definitiva do señor Rubiales, co ministro responsable da área de Deportes á cabeza. Está a facer o mesmo a Xunta de Galicia ao respecto do señor Louzán?

Esta Corporación provincial non pode permanecer allea e toma partido pola defensa dos valores da igualdade, do feminismo e polo apoio total e absoluto á xogadora Jennifer Hermoso, a todo o deporte feminino e a todas as mulleres que sofren acoso dos seus superiores xerárquicos en calquera ámbito.

Facemos nosos os hashtags #SeAcabó e #Contigo.

Por todo elo, o Pleno da Deputación de Pontevedra adopta os seguintes:

ACORDOS:

1. *A Corporación Provincial da Deputación de Pontevedra rexeita as declaracións e a actuación do presidente da Federación Galega de Fútbol, Rafael Louzán.*
2. *Dar traslado á Presidencia da Xunta de Galicia, á Secretaría Xeral para o Deporte e á Secretaría Xeral de Igualdade para que, na liña do que está a facer o Goberno de España para apartar ao presidente da Federación Española de Fútbol, fagan o propio co presidente da Federación Galega de Fútbol, impulsando a súa destitución inmediata. Esixirlles tolerancia cero cos que xustifican, amparan ou desculpan comportamentos machistas no deporte.*
3. *Dirixirse á Federación Española de Fútbol para expresar o apoio á xogadora Jennifer Hermoso e a todas as integrantes da Selección.*
4. *Dirixirse á Federación Galega de Fútbol para expresar o noso rexeitamento ás actitudes, formas e maneiras do señor Louzán, tanto por ter apoiado nun primeiro momento ao señor Rubiales como polo seu torpe intento de corrixilo, uns días despois, vista a indignación social, tan só polo seu propio interese persoal de manterse no cargo”.*

Sometida a votación a devantida moción, obtívose o seguinte resultado:

1. **Votos a favor: (8)**, sendo seis (6) do grupo provincial do PSdeG-PSOE e dous (2) do grupo provincial do BNG.
2. **Votos en contra: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.



A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico ditamina desfavorablemente a moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE para que esta Corporación Provincial se solidarize con Jennifer Hermoso e reprobe a actuación de Rafael Louzán e, esixa da Xunta de Galicia que impulse a súa destitución como Presidente da Federación Galega de Fútbol, cos votos en contra das deputadas e deputados do grupo provincial do Partido Popular, e cos votos a favor das deputadas e deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás dez horas e vinte minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.

